

## RECUPERACIÓN 2 BAC

Para aprobar cómpre que entreguedes (ben) feitos todos os exercicios.

### **As mulleres europeas traballarán “gratis” a partir deste domingo**

As mulleres europeas non cobrarán polos seus labores profesionais en comparación cos seus compañeiros varóns a partir deste domingo 3 de novembro. Ademais, delas só o 25 por cento ocupan cargos en consellos de administración de grandes empresas, segundo o último estudo publicado polo Instituto Europeo pola Igualdade de Xénero no mes de outubro. O estudo revela que as mulleres europeas gañan ao mes un 20 por cento menos que os homes, unha cifra que no caso das españolas se sitúa no 17%.

España sacou a súa “peor nota” en canto a **igualdade** no apartado de poder, que reflicte que os cargos **directivos** e de supervisión están ocupados por homes. Aínda que a presenza da muller no poder político é unha das máis elevadas, só un 21% ocupa postos dentro dos consellos de administración das grandes empresas en España, mentres que a media europea se sitúa no 25% e só Francia alcanza a cifra do 40%.

“Unha maior presenza das mulleres no debate público contribuiría a reducir a fenda salarial ao poder a muller optar a postos mellor remunerados en tarefas de **representación** e, ademais, xerar referentes femininos para as novas xeracións, clave para que as mulleres deixen de ocupar os postos de traballo peor remunerados”, asegurou a directora da Oficina do Parlamento Europeo en España, María Andrés.

La Vanguardia, 01/11/2019

1. Indica que tipo de texto é o anterior (descritivo, dialogado, narrativo, expositivo ou argumentativo). Xustifica a resposta.
2. Indica o tema e fai un esquema coa estrutura.
3. Elabora un texto expoñendo de maneira argumentada o teu acordo ou desacordo coas palabras de María Andrés. (aproximadamente 200-250 palabras)
4. Indica se son pechadas ou abertas as vogais tónicas das seguintes palabras: mulleres (liña 2), labores (liña 2), novembro (liña 3), empresas (liña 4), homes (liña 8).
5. Analiza morfoloxicamente as seguintes palabras do texto, marcadas en negro, e indica se son simples, derivadas, parasintéticas ou compostas: europeas, profesionais, igualdade, directivos, representación.
6. Utilizando o caderno de apuntes, concretamente o apartado de literatura, elabora un texto no que abordes a presenza das mulleres na literatura galega ao longo do século XX. (Extensión aproximada 400 palabras)

Meu tío Braulio morreu de desgracia. É certo. Pero eu non lle afinquei. Pasaron xa tres anos e aínda se fala del con moita **aquela**. Era un home pouco dado ao traballo, dende que voltou do servicio. Moi chusco e compangueiro. Amigo da troula e das romarías. Pero morreu. E houbo que poñer loito. Todos coma curas. O meu pantalón de cada día é negro. Cada vez menos negro, porque as remontas e remendos sobrepostos son do que cadra. Tamén ando con botóns escuros na camisa. Pero vestir así ou doutra maneira tanto me ten. O que me amola é quedarme na casa os días de festa.

Chega o San Pedro, ou o Carme, e eu encerrado; metido na gaiola coma un rulo. E todo pola morte do tío. Que desgracia! Di meu pai que o loito non revivece a ninguén pero a madriña comeza a bagoxar polo seu Braulio, e dálle con que era bo mozo, espelido, un anaco de pan, Que sei eu! E o loito segue.

Ben me acordo cando o tío Braulio chegou de África. Viña negro coma un chamizo. Sabía contos de meigas e un eito de xogos moi paveros. Semellaba un lareta das feiras. Os mozos da aldea corrían para a nosa casa con mentes de escoitalo e xogar con el. Algúns pilláronlle os moldes e arremedábano por aí.

Xosé Neira Vilas, *Memorias dun neno labrego*

1. Explica o significado que teñen no texto as seguintes expresións: *Era un home pouco dado ao traballo* (liña 2); *Amigo da troula e das romarías* (liña 3); *un anaco de pan* (liña 9); *Viña negro coma un chamizo* (liña 10); *Algúns pilláronlle os moldes* (liña 12).
2. Este texto é un fragmento dunha obra narrativa mais, que tipoloxía textual predomina nel, a narración ou a descrición? Xustifica a resposta con exemplos do propio texto.
3. Gardar loito foi un costume vixente na nosa sociedade ata hai relativamente pouco tempo, pero en poucos anos a forma de despedir ás persoas mortas foron radicais. Constrúe un texto expositivo no que expliques os cambios e as causas que os orixinaron. (Extensión aproximada 200-250 palabras)
4. a) Indica que tipo de determinante é e o valor que ten no texto a palabra remarcada en negro *aquela* (liña 2).  
b) Por que as expresións subliñadas “*Meu tío Braulio*” (liña 1) e “*Di meu pai*” (liña 8) non levan artigo? Poderían ou deberían levalo?
5. Indica as relacións semánticas que existen entre as seguintes parellas de palabras do texto: *Botóns/camisa* (liña 5); *troula* (liña 3)/*festa* (liña 6); *tío* (liña 1)/*pai* (liña 8); *home* (liña 2)/*mozo* (liña 9).
6. Localiza no texto dous pronomes persoais tónicos e tres átonos.
7. Sitúa a obra á que pertence o texto e o seu autor no seu contexto literario (Extensión aproximada 200 palabras).